

O PEIXE PESCADO

Tras varios intentos de pesca na beira do mar de Ribeira, non pesquei nada; en realidade si pesquei un k de algas, pero ningún peixe.

Pra situarmos eu voume a Ribeira ,unha cidade que está a carón do mar, vivo a uns pasos do mar con dúas praias, unha a esquerda e outra a dereita que se chama Area Secada que ten un chiringo onde collo xeados.

Volvendo ao tema o día que pesquei foi moi especial para min. Fomos o meu pai e o meu irmán, cun amigo de Ribeira chamado Juan, pero o chamamos Carpi de carpinteiro. Fomos o embarcadoiro onde xa nos estaba esperando pra pescar na súa lacha.

O meu pai levaba unha caña e o meu irmán, e eu levabamos uns fíos, empezou o meu pai pescando unha xarda, despois pescou Carpi outra e pasou moito tempo.

Así que nos fomos o embarcadoiro, de camiño estaba intentando pescar ata que tirei eu, nunca pescara nada, entón tirei, tirei e tirei e o peixe saíu voando pero o meu pai colleuno, foi moi divertido, (así eu tamén pesquei unha xarda).

Ao chegar a casa Carpi quedouse a cear, a miña nai preparou as xardas na cociña e estaban boísimassss! Despois Carpi tívose que ir e fomos durmir. FIN :)

Gael Ureña Vázquez